



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 29 DE MAIO DE 2020

**EXPEDIENTE:** 2020/G010/000005

Visto o artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os artigos 77 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o acordo do Pleno da Corporación adoptado na sesión extraordinaria realizada con data 2 de xullo de 2019, en relación á celebración das sesións ordinarias do Pleno.

Visto o apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido pola disposición final segunda do Real Decreto- Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, BOE do 1 abril, vixente desde o 2 abril 2020, que di: *"En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes atópanse en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.*

*Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten".*

Vista a situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola COVID-19 a cal debe ser considerada como una situación excepcional de grave risco colectivo que impide ou dificulta aínda o normal funcionamento presencial do Pleno, concorrendo, pois, un dos presupostos de feito do citado art. 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o que habilita para a celebración das sesións dos órganos colexiados a distancia por medio electrónicos e telemáticos.

É polo que á vista dos antecedentes e fundamentos anteriormente expostos,

ACORDO:

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar mediante videoconferencia (enlace, <https://meet.google.com/wpp-wpnk-eib>) o vindeiro día **29 de maio de 2020 (venres) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

#### **PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2020.
- 2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 11 de marzo de 2020.
- 3º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 30 de abril de 2020.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

4º.- Ratificación do Decreto da Alcaldía 163/2020, de data 27 de abril de 2020, referido á aprobación tras a súa corrección de dous proxectos de obra incluídos no POS+ 2020 da Deputación Provincial.

5º.- Aprobación do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais do Concello de Camariñas.

6º.- Aprobación provisional (2ª) da Modificación Puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

7º.- Recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 6/2020.

8º. Mocións de urxencia.

### **PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO**

9º.- Decretos da Alcaldía e comunicacións.

10º.- Dar conta da nova adscrición dos membros do grupo municipal do PP á CIAX e á CEC.

11º.- Dación de conta da liquidación do exercicio 2019.

12º.- Dación de conta do informe de Intervención emitido en cumprimento do previsto na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, 1º trimestre de 2020.

13º.- Dación de conta do estado de execución do orzamento 1º trimestre de 2020.

14º. Rogos e preguntas.

**Segundo.** Notificar este decreto aos Srs./Sras. concelleiros/as e á intervención municipal, a través da plataforma notifica.gal e publíquese no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

**Terceiro.** Que aos efectos de garantir a publicidade da sesión a mesma sexa retransmitida por medio de youtube.com situándose o acceso en camarinas.net.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.